

# CONCURSO DE POESÍA “LETRAS GALEGAS 2021”

## BASES

- 1.- O Concello de Lourenzá convoca un concurso de poesía co gallo da celebración do Día das Letras Galegas 2021.
- 2.- O tema da poesía será GALICIA: paisaxes, xentes, costumes, cultura, gastronomía, festas, etc.
- 3.- Establécense tres categorías:
  - A) Ata 9 anos.
  - B) De 10 a 14 anos.
  - C) Máis de 14 anos.
- 4.- As obras, escritas en galego, serán presentadas de forma anónima, cos datos persoais do concursante (nome e apelidos, idade, enderezo e teléfono de contacto) introducidos nun sobre, que levará na parte exterior a categoría á que pertence.
- 5.- So se admitirá unha obra por participante.
- 6.- Establécese un premio para cada categoría consistente en 50 € e figura institucional.
- 7.- As obras presentaranse na Biblioteca Municipal ata o venres 14 de maio.
- 8.- A Concellería de Cultura encargárase de nomear un xurado que presidirá a Alcaldesa ou a persoa na que delegue.
- 9.- O veredicto do xurado e a data e lugar da entrega de premios comunicáraselle directamente aos gañadores.
- 10.- O Concello de Lourenzá resérvase a propiedade e o dereito de reprodución das obras presentadas a concurso.

Lourenzá, 5 de abril de 2021.



Concello de Lourenzá